

MOCIÓN DE AER SOBRE LESIVIDADE DA CEMENTEIRA

PLENO 28 NOVEMBRO 2013. ACTA 20/2013

ANTECEDENTES

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal AER o día 23/11/2013 con número de rexistro xeral de entrada 16140, que se transcribe a continuación:

“O 17 de xullo do 2008 celebrouse un pleno extraordinario no que tódolos partidos políticos aquí representados (PP, PSOE, BNG) acordaron iniciar un expediente para a declaración de lesividade da resolución da alcaldía do 2 de xuño do 2008, que anulaba a licenza de apertura e posta en funcionamento da cementeira de Vilar.

Esta suposta lesividade é unha escusa que sempre pon o equipo de goberno e o resto dos partidos da oposición, os de antes e os de agora, para non levar adiante as sentenzas firmes que ordenan o peche da cementeira de Vilar.

Sabendo que a demanda de lesividade, que xa foi iniciada o 20 de xaneiro de 2009, está vista para sentenza e supoñendo que todos os grupos aquí representados queren solucionar canto antes este problema da cementeira, que dura xa 24 anos, propoñemos ao pleno do Concello de Redondela o seguinte ACORDO:

Instar ao xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Vigo para que emita sentenza na maior brevidade posible sobre o recurso de acción de declaración de lesividade interposto polo Concello de Redondela en relación coa cementeira de Vilar.”

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometida a votación a moción anteriormente transcrita, o Concello Pleno a rexeita, sendo vinte votos en contra (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE e 2 do BNG) e un voto a favor (1 de AER).